



PLAN DIXITAL

CEIP PONTE DO PORTO

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe de A Ponte do Porto está situado na parroquia de A Ponte do Porto no concello de Camariñas, provincia da Coruña, a uns 80 Km das cidades máis importantes de Galicia, A Coruña e Santiago de Compostela, coas que se comunica a través de estradas e autoestradas. A zona educativa de influencia abrangue as poboacións de A Ponte do Porto, Xaviña, Arou e Santa Mariña, do Concello de Camariñas, e, Cereixo e Carnés do Concello de Vimianzo.

Nome do Centro: C.E.I.P. Plurilingüe Ponte do Porto		Código: 15002086		C.I.F.: Q 6555029 E	
Enderezo O Allo, s/n		Localidade: A Ponte do Porto			Concello: Camariñas
Código Postal: 15121	Provincia: A Coruña		Tif: 881880316/881880317/ 698154984		Fax: 8818803 18
E-mail	ceip.ponte.porto@edu.xunta.es				

Número de Alumnos:

Nos últimos tres anos, o alumnado oscila entre 150 - 160. En Educación Infantil, o número aproximado está entre 40-50 alumnos/as, repartidos en tres grupos (6º, 5º e 4º curso), o que implica que a media da ratio é de 18 alumnos/as por aula aproximadamente. En Educación Primaria oscila entre 100-110 alumnos/as, cunha ratio aproximada duns 15-20 alumnas/os por aula.

Características do profesorado:

A situación actual do profesorado no centro é bastante inestable xa que a maior parte conta con destino provisional, e, do profesorado con destino definitivo, poucos son da zona, polo que despois de dous cursos, piden o traslado. Isto dificulta a continuidade da labor docente. Porén, en xeral, o profesorado está aberto á innovación no ámbito pedagóxico, e participa en distintos proxectos de formación de FPprofe ou en grupos de traballo, contratos programa CPIInnova e CPInclúe.

Postos de traballo										
EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL*	DO*	Relixión	Total
2*	5*	1	1	1	1	1	1	1	1	

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.2.1. Nivel económico.

O concello de Camariñas está vinculado á industria pesqueira e ao marisqueo, aínda que complementa a súa economía con actividades como a da conserveira Cerdeimar, a cría de rodaballo de Prodemar, a explotación agraria e forestal e a artesanía do encaixe de bolillos.

Na última década, o turismo foi medrando, atraído pola variedade paisaxística, a artesanía e a gastronomía da zona. Isto fixo medrar o sector servizos co incremento de casas e locais de aloxamento turístico, supermercados, tendas de artesanía...

Aínda así, continúa sendo unha zona con alto índice de emigración a Suíza e a outros países europeos.

1.2.2. Nivel sociocultural

A situación cultural da zona é susceptible de mellora, porén existen diferentes asociacións culturais como: Monte Branco, Rendas, Vico da Forca, Río Porto, de Empresarios e Promoción Turística...

O concello de Camariñas conta con varios museos como do Alemán, en Camelle; o Etnográfico, en A Ponte do Porto; o do Faro e o do Encaixe, en Camariñas; e unha biblioteca pública.

A costa dende Camariñas ata Camelle, pasando por Cabo Vilán e Arou, está incluída na Rede Natura 2000 Costa da Morte, a cal posúe unha gran riqueza biolóxica de especies de flora e fauna protexidas, e hai diferentes rutas para poder coñecerlas: dos Naufraxios, da Insua, dos Muíños, o Camiño dos Faros...

Cómpre engadir que o concello de Camariñas conta cun patrimonio cultural importante como: o Faro Vilán, o Castelo do Soberano, o Cemiterio dos Ingleses... e fermosas praias como as de Reira, o Ariño, Lingunde... ou a duna rampante de Monte Branco.

No que atinxe ás instalacións deportivas, sinalar que contamos con dous polideportivos municipais, un en Camariñas e outro en A Ponte do Porto, este último é utilizado polo noso Centro, xa que está nas inmediacións do recinto escolar.

Actualmente, estanse a levar a cabo diferentes accións para promocionar o concello como a Mostra de Artesanía do Encaixe de Bolillos, Festas Patronais...

1.2.3.- Actuacións previstas en canto ao fomento do uso das tecnoloxías da información e da comunicación:

- O equipo de TICs organiza o plan de actividades que se van a levar a cabo durante o curso para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa e o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe, para convertelo nun centro dixitalmente competente.
- A través do Plan Dixital do centro tentarase;
 - Fomentar a lectura, entre outras actividades lévanse a cabo a Hora de Ler e o Plan Lector.

De cara ao curso 2022-2023, solicitarase o PLAMBE.

E no que atinxe á mellora da convivencia, levaranse a cabo diferentes obradoiros (CP Incluíe, CP Innova, Plan Director, RETO...) que se explican amplamente no Plan de Convivencia, PXA...

O Plan Dixital formará parte da programación Xeral Anual para o vindeiro curso 2022/23.

1.3. Breve xustificación

Para a elaboración do PD do noso centro terese en conta a lexislación vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O presente curso todo o claustro de mestres e mestras de este colexio enfrontámonos a Educación Dixital. Para iso levamos a cabo unha serie de actividades (DAFO, SELFIE, TEST CDD, PLAN ACCIÓN) durante todo o curso académico para a posterior elaboración do presente documento, o PLAN DIXITAL. Ademais, da formación do PFPP vencellada á elaboración do Plan Dixital ao abeiro da Resolución do 15 xuño de 2021 da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes deste consellería no curso 2021/2022.

2. Situación de partida

2.1.

2.2. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Esta área se centra na existencia dunha infraestrutura axeitada, fiable e segura (por exemplo: equipos, software, recursos informáticos, conexión a internet ou espazo físico). Estes elementos poden permitir e facilitar o emprego das prácticas innovadoras de ensinanza, aprendizaxe e avaliación).

- As principais limitacións do noso centro educativo para levar a cabo proxectos dixitais residen nunha mala conexión a internet que falla a diario, unha aula de informática que necesita de mais equipos e licencias de programas básicos para desenvolver proxectos dixitais. Tampouco, dispoñemos dunha estratexia dixital conxunta que permita garantir unha continuidade en actividades dixitais. O equipo Tic encárgase da xestión do mantemento do equipamento do centro: necesidade de actualización e limpeza dos equipos informáticos para que funcionen correctamente, o que provoca atrasos a hora da realización das tarefas.
- Respecto ao equipamento. Este ano creáronse os recunchos Tics na maioría das aulas de educación primaria e infantil, que contan cun ordenador completo para realizar diferentes actividades dixitais: como a busca de información, redacción de pequenos textos, busca no diccionario dixital...

Tamén estase a preparar a nova ludoteca na planta baixa do cole, a cal disporá de 4 equipos informáticos para o deleite do alumnado (polas tardes) con fins educativos e un ordenador de sobremesa para o profesorado. Tamén dispoñemos de 3 pizarras dixitais.

- O noso centro conta con servizos dixitais como son: a páxina web do centro, aula virtual moi empregada polos mestres e alumnado, Abalarmóbil, EspazoAbalar, e blogs.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC. Plan de continxencia: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipponteporto/system/files/PROTOCOLO%20DE%20ADAPTACI%C3%93N%20COVID.pdf>

2.3. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharel	FP	Ed. Post

				ato		sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	0				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	4.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	3.1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	0				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	0				
F- Pedagogía: Implementación na	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.1				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	0				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.7				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	7	100%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	6	6	100%
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,4	Integrador	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFA NTIL	<u>67,4</u>	<u>Integrador</u>	68,2	<u>Integrador (B1)</u>
PRIM ARIA	<u>68,8</u>	<u>Integrador</u>	77	<u>Integrador (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	8	50%
B1	6	37,5%
B2	1	6,3%
C1	1	6,3%
C2	0	0%
TOTAL	16	100,1 %

2.4. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen. (nenos sen medios)</p> <p>No noso centro, o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p>	<p>C1. No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con TICS</p> <p>C2. No noso centro existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia</p> <p>C3. O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino aprendizaxe.</p> <p>C.5 A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais</p> <p>C.7 No noso centro existen sistemas de protección de datos.</p> <p>No noso centro, os espazos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>B.2. No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais.</p>	<p>Persoal docente</p> <p>B1. No noso centro avaliamos o noso progreso de ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B.3. No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións.</p>

	<p>D.1 Comentamos cos nosos profesores sobre as súas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>D.3 Axudamos ao noso profesorado a intercambiar experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>F.3 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.debilidade</p> <p>F.4 Os nosos profesores levan a cabo actividades de aprendizaxe que motiven ó alumnado.</p> <p>F.3 Os nosos profesores utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado</p> <p>F.6 O noso profesorado fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p>	<p>D.2 O noso profesorado ten acceso a posibilidades de DPC elación co ensino e a aprendizaxes coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>E.2 Os nosos profesores crean recursos dixitais para reforzar o seu labor docente.</p> <p>E.3 Os nosos profesores utilizan entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>E.4 O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo.</p> <p>F.1 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para adaptar os noso métodos de ensino ás necesidades do alumnado. (pola idade dos nenos SNAP)</p> <p>F.5. Empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre ó alumnado.</p> <p>F.6. Fomento a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G.1 Utilizo as tecnoloxías para avaliar as competencias do alumnado.</p> <p>G.3 Empregamos as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha</p>
--	---	--

		<p>retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>G.5 Utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>G.7 Axudamos ao profesorado a utilizar as tecnoloxías dixitais para a avaliación</p> <p>E1. Recursos educativos en línea Fortaleza</p> <p>E2. Creación de recursos dixitais</p> <p>E.3 Empleo de entornos virtuales de aprendizaxe</p> <p>A.3 Apoiamos aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais</p> <p>A.4 No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p>
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>Comunicación con la comunidad educativa</p>	
<p>ALUMNADO</p>		<p>C8. No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios</p>

	<p>H1. No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet</p> <p>H.3 No noso centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet</p> <p>No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>Asegurámonos de que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias</p>	<p>ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise</p> <p>H.4 No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa</p> <p>H.6 No noso centro o alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en Internet</p> <p>H.7 No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>H.8 No noso centro o alumnado aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais</p>
FAMILIAS		<p>As familias non dispoñen de medios electrónicos nin de habilidades informáticas para axudar aos seus fillos</p>
OFERTA	<p>A3. Apoamos aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais</p>	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

		<p>A2. Desenvolvemos a estratexia dixital do noso centro en colaboración co profesorado</p> <p>Dende o noso centro, ofrecemos ordenadores portátiles para aqueles nenos que non poseen medios informáticos para acceder e conectarse a internet.</p> <p>No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p>	<p>A1. No noso centro temos unha estratexia dixital</p> <p>A.3 Apoiamos aos profesores a explorar novas formas de ensinar coas tecnoloxías dixitais</p> <p>No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>No noso centro o alumnado pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases</p> <p>No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>Que non hai puntos de carga e non hai saít opara as clase</p>
--	--	---	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>En todas as aulas dispoñemos de puntos wifi que nos permiten conectarnos aínda que a conexión sexa inestable</p>	<p>C.1 No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>C.2 No noso centro existen dispositivos dixitais para o seu uso na docencia.</p>

			<p>C.3 O noso centro ofrece acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>Necesidade de liberación de horas para a aprendizaxe dixital dos docentes</p> <p>Algún alumnado non ten acceso nin medios a internet</p> <p>No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p>
	<p>LEXISLACIÓN</p>	<p>No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe</p>	<p>C.7 No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>Inestabilidade e ausencia dunha lei dixital adaptada aos centros educativos</p>
	<p>CONTORNA</p>		<p>C.11 No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</p> <p>C.12 Na nosa escola, temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas</p>

			<p>necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico (enquisa)</p> <p>Na nosa escola, temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica</p> <p>A lo largo de los últimos años houbo unha baixada da natalidade</p> <p>Na nosa contorna existen dificultades para que chegue ó acceso a internet nalgúns fogares.</p>
	<p>ANPA</p>	<p>A ANPA está a favor da innovación dixital</p>	<p>C.16 No noso centro existen repositorios ou bibliotecas en rede que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p>

			<p>H.11 No noso centro o alumando aprende a codificar ou programar</p> <p>Os membros da ANPA non teñen coñecementos informáticos avanzados para axudar a poñer en marcha un plan dixital sostible.</p>
	<p>OUTRAS ENTIDADES</p>		<p>A.6 No noso centro as empresas coas que colaboramos participan no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</p> <p>B.3 No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións</p> <p>No noso centro colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p>

3. Plan de Acción

RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS NO MOMENTO DA ELABORACION DO PLAN DIXITAL

Como dixen con anterioridade existen dificultades de conexión a rede (internet) a maioría dos días o cal dificulta a realización de actividades dixitais co alumnado tanto na aula tanto ordinaria como na sala de ordenadores. Contamos con recunchos TICS e sala de ordenadores polo que sí dispoñemos de espazos dixitais.

Respecto aos recursos humanos durante a elaboración do Plan Dixital contamos coa participación de todo o claustro de mestres e mestras, coa participación dun PFPP de 30 horas que nos permitiu formarnos no plan dixital. Pese a implicación do profesorado a cantidade de traballo para o presente curso era excesiva, o cal provocaba a desmotivación dos mestres e mestras.

Para o vindeiro curso, necesitarase moita formación e dedicación por parte de todos os mestre e mestras para poder desenvolver un proxecto dixital de centro como se amosa a continuación nas táboas do plan de acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Partindo do análise DAFO e o posterior plan de acción onde se recollen todos os nosos obxectivos a acadar para o vindeiro curso. Destacamos a importancia de:

- 1) Actualizar os dispositivos dixitais da biblioteca (C8). “Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipamento (C)
- 2) Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de EI e EP (E2). Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoio e recursos(E)
- 3) Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3) “Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos (E)
- 4) Iniciarse en proxectos colaborativos empregando a rede Agueiro. Área/s de mellora”: Competencias dixitais do profesorado

Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Cos obxectivos propostos anteriormente queremos abordar dous eixes principais: por unha banda, actualizar e dispoñer de equipos informáticos para garantir unha educación dixital de calidade e por outra banda, formar aos mestres e mestras do noso centro en programas, recursos dixitais para o seu uso diario.

Para o obxectivo **1: *Actualizar os dispositivos dixitais da biblioteca***. O noso valor de partida é: 0% de equipos da biblioteca con Hardware desactualizados e o noso valor previsto para o 15/12/2022 será ter o 100% dos equipos da biblioteca actualizados.

As accións que se van a levar a cabo para este primeiro obxectivo son: 1) determinar as necesidades de cada equipo da biblioteca e 2) solicitar e instalar os elementos/ programas necesarios (OpenOffice, Office...) para que os ordenadores e outros dispositivos informáticos funcionen correctamente. As persoas responsables son a persoa coordinadora de Tic e a coordinadora de biblioteca.

Para o obxectivo **2: *Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de EI e EP (E2)***. O noso valor de partida é: Non aplica (sen datos previos) e o noso valor previsto para o 31/3/2023 será 1 recursos dixitais por curso.

As accións que se van a levar a cabo para este segundo obxectivo son: 1) Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais. 2) Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP. 3) Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP polo profesorado. As persoas responsables son a persoa coordinadora Tic e o equipo directivo.

Para o obxectivo **3: *Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3)***. O noso valor de partida é: Non aplica (sen datos previos) e o noso valor previsto para o 30/06/2023 serán 6 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado.

As accións que se van a levar a cabo para este terceiro obxectivo son: 1) Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro, 2) Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro, 3) Traballar co alumnado nas actividades creadas.

As persoas responsables son a persoa coordinadora Tic e dirección.

Para o obxectivo **4: *Iniciarse en proxectos colaborativos empregando a rede Agueiro***.

O noso valor de partida son 0 proxectos e o noso valor previsto para o 20/06/2023 é un proxecto (creación da revista dixital).

As accións que se van a levar a cabo para este cuarto obxectivo son: 1) formar aos docentes nos rudimentos básicos da rede Agueiro, 2) Crear grupos de traballo e concretar os proxectos a desenvolver. 3) Elaborar os proxectos. As persoas responsables son o profesor de cada área, a persoa coordinadora Tic e a Coordinadora do equipo de Normalización.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Respecto as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, o noso centro precisa o seguinte:

- Aula dixitalizada, a lo menos unha no centro para poder realizar con calidade e garantía o ensino mixto.
- Unha rede de internet estable para garantir unha continuidade das actividades dixitais.
- Ordenadores e tablets para o alumnado para poder realizar os proxectos dixitais
- Fenda dixital: ordenadores e conexión móbil para préstamo (servizos dixitais educativos) garantindo o acceso a todo o alumnado, sobre todo a aqueles que teñen maiores dificultades para ter un ordenador e un servizo de internet.

Como se cita no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital. ([https://amtega.xunta.gal/sites/w_amtega/files/190509 - doc consello galicia 5 0.pdf](https://amtega.xunta.gal/sites/w_amtega/files/190509_-_doc_consello_galicia_5_0.pdf)) fago referencia ao seguinte apartado, ¿cales son os vectores do cambio para conformar a sociedade do futuro na 'Galicia 5.0'? Estratexia dixital de Galicia 2030.

- Garantir a igualdade dixital: capacidades dixitais necesarias para facer fronte ás transformacións socioeconómicas.
- Poñer o foco nas persoas: cun enfoque responsable e baseado en valores.
- Potenciar un ecosistema dixital forte: impulsar a adopción das tecnoloxías emerxentes en todos os sectores produtivos.
- Promover o liderado dixital: fomentar o uso das tecnoloxías dixitais para a transformación da sociedade e das organizacións.

O cambio debe de ser gradual , progresivo e adaptado as necesidades dos colexios de Galicia tanto no rural como na cidade para garantir o éxito dixital na vida académica dos nosos nenos e nenas.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestructuras e equipamento (C)						
1. OBXECTIVO (1):	Actualizar os dispositivos dixitais da biblioteca (C8)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC e coordinadora biblioteca				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos da biblioteca con Hardware desactualizados					
Valor de partida (3)	0% de equipo da biblioteca da biblioteca con Hardware desactualizados					
Valor previsto e data (4)	100 % de equipos da biblioteca actualizados			15/ 12/2022		
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
1AO1.1: Determinar as necesidades de cada equipo da biblioteca.	Persoa coordinadora das Tic e coordinadora de Biblioteca	1/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
1AO1.2: Solicitar e instalar os elementos/ programas necesarios (OpenOffice, Office...) para que os ordenadores e outros dispositivos informáticos funcionen correctamente.	Persoa Coordinadora Tic e coordinadora de biblioteca	15/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Pedagogía: Apoio e recursos(E)						
2. OBXECTIVO (1):	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de EI e EP (E2).				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e persoa coordinadora Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP (Instrumento: enquisa ao profesorado participante no PFPP)					
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data (4)	1 recursos dixitais por curso			31/3/2023		
ACCÍONS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				(9)VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)	
2AO1.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo Directivo	1/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
2AO1.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP	Profesorado de cada área	22/ 01 /2022	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
2AO1.3: Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e EP polo profesorado	Profesorado de cada área	31/03/2023	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
3. OBXECTIVO (1):	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa Coordinadora TIC e dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de Actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data (4)	6 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
3AO1.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro	Persoa coordinadora e Dirección	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
3AO1.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	31/03/2023	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
3AO1.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado da materia	30/06/2023	Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do profesorado						
4. OBXECTIVO (1):	Iniciarse en proxectos colaborativos empregando a rede Agueiro				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesor de cada área, Persoa coordinadora de TIC e Coordinadora do Equipo de Normalización				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº proxectos desenvolvidos en cada área					
Valor de partida (3)	0 proxectos					
Valor previsto e data (4)	1 proxecto (creación da revista dixital)			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
4AO1.1: Formar aos docentes no rudimentos básicos da rede Agueiro	Coordinadora Tic e equipo directivo	20/12/2022	Rede Agueiro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
4AO1.2: Crear grupos de traballo e	Profesorado de cada área	20/12/2022	Rede Agueiro		Realizada	

concretar os proxectos a desenvolver					Aprazada		
					Pendente		
4A01.3: Elaborar os proxectos	Profesorado de cada área	30/06/2023	Rede Ageiro	Proxectos creados		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
						Aprazada	
						Pendente	

(1) Establecer e numerar

OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recomendase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Todo proxecto necesita dunha revisión para actualizalo á nova normativa vixente, para adaptalo aos cambios que se producen no entorno, e para que responda ás esixencias dunha comunidade educativa cambiante.

Así mesmo, precisa dun seguimento e dunha avaliación que permita determinar se os obxectivos propostos se están a cumprir, e se está a cumprir cos fins para os que foi creado.

4.1 Criterios de avaliación do PD

- Está adaptado á realidade do Centro
- Está en consonancia cos demais documentos do Centro.
- O PD é difundido entre os membros da comunidade educativa
- O PD é consensuado e aprobado entre os membros da comunidade educativa.
- O membros da comunidade educativa poñen en práctica o PD

4.2. Revisión e avaliación en cada curso escolar.

- Cada curso escolar efectuaranse as revisións e avaliacións sobre os aspectos e/ou apartados do PD que o precisen.

Entre estes aspectos, destacar:

- Actualización dos apartados afectados por cambio na lexislación..
- Seguimento dos principios e dos obxectivos
- Incorporación dos novos Plans e Proxectos de Traballo.
- Avaliando o grado de cumprimento do Plans e Proxectos de traballo

4.3. Revisión e avaliación cada ano.

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será ao fin de cada trimestre.
- Cada ano, revisarase e avaliarase o PD, tendo en conta as aportacións do Claustro e do Consello Escolar.
- Entre os instrumentos que se poden empregar están:

- Enquisas para coñecer o grado de satisfacción das familias, profesorado e alumnado.
- Conclusións das revisións anuais.
- Suxestións do profesorado aportadas nos claustros ou nas reunións dos diferentes órganos de coordinación docente
- Suxestións das familias a través das titorías.
- Suxestións dos membros do Consello Escolar.
- Suxestións da ANPA do Centro.
- Informes da Inspección Educativa

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do Ceip Plurilingüe de Ponte do Porto estará publicado na web do centro sendo totalmente público o seu contido. Para a súa entrada en vigor informarase á comunidade educativa a través dunha reunión do claustro (profesorado) e será aprobado polo Consello Escolar.

No primeiro Consello Escolar posterior á entrada en vigor e mediante abalarmóbil (familias). Haberá unha copia por escrito do mesmo na secretaría do centro á disposición de calquera membro da comunidade educativa: estará publicado e relacionado en todo momento tendo en conta o Plan de comunicación do Centro.